# *LINGUA GALEGA E LITERATURA*




# PROGRAMACIÓN

## Curso 2022-2023

[ies] ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ

*Departamento*
*de*
*Lingua galega e literatura*

# IES Antón Losada Diéguez

## *Curso 2022-2023*

Profesorado:

Francisco Xavier Barreiro Carracedo (Xefe de Departamento)
Francisco Xabier Camba Sanmartín
Carme Diéguez González
David Pérez González

## ÍNDICE


1. Introdución e contextualización ........ 5

2. O Departamento de lingua galega e literatura ........ 5

3. A materia de lingua galega e literatura ........ 6

4. A lingua e literatura galega no desenvolvemento das competencias clave ........ 7

5. Obxectivos didácticos ........ 11

5.1. Obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria ........ 11

5.2. Obxectivos xerais do bacharelato ........ 13

5.3. Obxectivos específicos para lingua galega ........ 14

5.5. Concreción dos obxectivos para 2º ESO ........ 15

5.7. Concreción dos obxectivos para 4º ESO. ........ 18

5.9. Concreción dos obxectivos para 2º bacharelato ........ 17

6. Organización dos contidos, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, instrumentos de avaliación e competencias clave por cursos ........ 20

6.2. Organización dos contidos, estándares de aprendizaxe (108), grao de consecución, instrumentos de avaliación e competencias clave para 2º ESO ........ 20

Distribución de contidos por unidades didácticas e temporalización ........ 38

6.4. Organización dos contidos, estándares de aprendizaxe (132), grao de consecución, instrumentos de avaliación e competencias clave para 4º de ESO ........ 48

Distribución de contidos por unidades didácticas e temporalización ........ 35

6.6.Organización dos contidos, estándares de aprendizaxe (101), grao de consecución, instrumentos de avaliación e competencias clave para 2º bacharelato ........ 37

Distribución de contidos por unidades didácticas e temporalización ........ 42

7. Concrecións metodolóxicas que require a materia ........ 74

8. Materiais e recursos didácticos. ........ 75

9. Criterios de avaliación e cualificación ........ 48

9.1. Criterios de avaliación e cualificación para a ESO ........ 50

9.2. Criterios de avaliación e cualificación para o bacharelato ........ 51

10. Indicadores de logro para avaliación do proceso de ensino e da práctica docente. ........ 53

11. Plano de recuperación para o alumnado con lingua galega pendente ........ 54

12. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan odoptar como consecuencia do seu resultado................................................................84

13. Medidas xerais de atención á diversidade:....................................................... 56

14. Elementos transversais. ......................................................................... 57

15. Actividades complementarias e extraescolares. ................................................ 57

16. Aprendizaxe non presencial.......................................................................88

17 .Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas 61

# 1. Introdución e contextualización.

Este centro matricula alumnado de diferentes procedencias xeográficas. Dunha banda temos rapaces e rapazas que proceden da contorna urbana da Estrada, e doutra, os/as que veñen de concellos limítrofes e do medio rural.

A realidade lingüística, tanto do medio rural canto do urbano, segue respondendo a estereotipos diglósicos con pervivencia de prexuízos lingüísticos negativos a respecto do galego. Cómpre, porén, destacar que a maioría do alumnado ten como lingua inicial e habitual o galego e que o uso oral da lingua galega é o normal e o cotián.

Nestas circunstancias entendemos que se debe facer fincapé no uso do galego estándar a nivel académico, de xeito que progresivamente se incorpore a todas as actividades da aula como lingua habitual e tamén de uso cotián en calquera situación da vida.

O profesorado deste Departamento, desde a súa práctica docente e participando nas actividades do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística, traballará por conseguir un uso normal da nosa lingua desde o marco do Proxecto Lingüístico do centro, e do *Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* polo que regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

# 2. O Departamento de lingua galega e literatura

Para o curso 2022-2023 este departamento conta con 1 profesoras e 3 profesores, tres dos cales con praza definitiva no centro e un profesor en prácticas, que imparten docencia nos seguintes cursos:

- Educación Secundaria Obrigatoria (Lingua galega e literatura)
  - 1º curso: Carme Diéguez González (grupo A e B)
  - 2º curso: David Pérez González (grupo A e B)
  - 3º curso: Xabier Camba Sanmartín (grupo A e B)
  - 4º curso : David Pérez González (grupo A e B)
- Reforzo
  - 1º curso: Carme Diéguez González (grupo A)e David Pérez González (grupo B)
  - 2º curso: Carme Diéguez González (grupo A e B)
- Afondamento á língua galega 2º ESO: David Pérez González (grupo A e B)
- Formación Profesional Básica (Ámbito de comunicación e sociedade)
  - FPB 2 Carpin.: Xabier Camba Sanmartín
- Bacharelato (Lingua galega e literatura)
  - 1º curso: Francisco Xavier Barreiro Carracedo (grupo A, B e C)
  - 2º curso: Francisco Xavier Barreiro Carracedo (grupo A e B)

- Bacharelato adultos (Lingua galega e literatura)
    - 1º curso: Carme Diéguez González (grupo A, B e C)
    - 2º curso: Carme Diéguez González (grupo A e B)

# 3. A materia de lingua galega e literatura

As linguas son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. A través delas achegámonos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A formación lingüística é un instrumento que ten como obxecto falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e experiencias, sobre o mundo, é un medio para as relacións interpersoais e o recoñecemento da alteridade, é motor do noso pensamento e das nosas reflexións e porta de acceso ao coñecemento. Ten que ser unha ferramenta para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara aos usos creativos e lúdicos das linguas e permitir unha achega ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

A educación plurilingüe e intercultural adopta enfoques plurais transversais e integradores. A súa finalidade é promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural e o respecto dos dereitos fundamentais. Aínda que cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, hai determinados aspectos do currículo que precisan ben seren abordados de maneira parella e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado, segundo contempla o artigo 8 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

O tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega. Cómpre favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas nun

amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

O tratamento de todos estes contidos abordarase desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un deses contidos ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliables, no currículo da materia.

A avaliación, por iso mesmo, será competencial e terá en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe, detallados en cada bloque e as competencias clave.

A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase estruturada en cinco bloques:

- Bloque 1, **"Comunicación oral. Escoitar e falar",** atende ao uso oral da lingua. Incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro e fóra da aula en contextos formais e informais.
- Bloque 2**, "Comunicación escrita. Ler e escribir",** ocúpase da comprensión e a produción escrita.
- Bloque 3, **"Funcionamento da lingua",** integra contidos relacionados co código e a súa organización e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua coa finalidade de capacitar para o seu uso correcto, sen concibir os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmo.
- Bloque 4, **"Lingua e sociedade",** pretende que o alumnado comprenda os procesos sociolingüísticos e identifique os prexuízos para a súa superación. Así mesmo, persegue que recoñeza e empregue termos sociolingüísticos de xeito preciso.
- Bloque 5, **"Educación literaria",** asume o obxectivo de facer do alumnado lectorado competente, que integre a lectura como un mecanismo de comprensión do propio eu e da sociedade ao longo de toda a súa vida, a través do achegamento á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e autoras máis salientables, recoñecendo a vinculación destes produtos literarios coa propia historia de Galiza.

# 4. A lingua e literatura galega no desenvolvemento das competencias clave

As competencias son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Dado que a aprendizaxe baseada en competencias se caracteriza pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral, o proceso de ensino aprendizaxe competencial debe tratarse dende todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e

informais. O seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

Ademais, esta aprendizaxe implica unha formación integral das persoas que, ao rematar a etapa académica, serán capaces de transferir os coñecementos adquiridos ás novas instancias que aparezan na opción de vida que elixan. Así, poderán reorganizar o seu pensamento e adquirir novos coñecementos, mellorar as súas actuacións e descubrir novas formas de acción e novas habilidades que lles permitan executar eficientemente as tarefas, favorecendo unha aprendizaxe ao longo de toda a vida.

O profesorado do Departamento contribuirá a desenvolver, para todos os niveis educativos, aquelas competencias clave que, segundo a programación, aparecen relacionadas cos diferentes estándares de aprendizaxe.

## 1. Comunicación lingüística (CCL)

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia é preciso abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender as cinco compoñentes que a constitúen e as dimensións en que se concretan:

- A compoñente lingüística abrangue diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, entendida esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua.
- A compoñente pragmático discursiva contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- A compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- A compoñente estratéxica permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; ademais, tamén forman parte desta compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

- Por último, a competencia en comunicación lingüística inclúe unha compoñente persoal que intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

## 2. Competencia dixital (CD)

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación desta, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

## 3. Aprender a aprender (CAA)

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

## 4. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, autonómica, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Polo tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

### 5. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta competencia implica a capacidade de transformar as ideas en acto, o que significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns e cidadás emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

### 6. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén unha compoñente expresiva referida á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilizalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Polo tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artísticoculturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de cara á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, gozo e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

# 5. Obxectivos didácticos

## 5.1. Obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

p) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona

## 5.2. Obxectivos xerais do bacharelato

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, impulsar condutas e hábitos saudables.

p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 5.3. Obxectivos específicos para lingua galega

Os obxectivos didácticos específicos referidos á área de Lingua e Literatura galega son os que seguen:

1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.

2. Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.

3. Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.

4. Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.

5. Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.

6. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.

7. Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación.

8. Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.

9. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

10. Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.

11. Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.

12. Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario (movementos, autores e obras) e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico – culturais.

## 5.4. Concreción dos obxectivos para 2º ESO

1. Ler diferentes tipos de textos con fluidez, coa entoación adecuada e facer o seu comentario.
2. Valorar o plurilingüismo como unha riqueza cultural e social. Coñecer a lexislación sobre o galego e o concepto de normalización lingüística e cultural. Recoñecer prexuízos e actitudes lingüísticas, e as súas consecuencias. Valorar a función identitaria da lingua e de pertenza á comunidade galegofalante.
3. Coñecer toponimia e utilizala correctamente. Corrixir as interferencias do castelán
4. Ampliar o vocabulario básico relacionado con situacións cotiáns (o xogo, flora e fauna, aspecto persoal, festas, a xustiza, o deporte, alimentación, as compras, xentilicios...)
5. Comprender e operar con conceptos da semántica: termos complementares, recíprocos, antónimos; polisemia e homonimia; familia léxica e campo semántico.
6. Entender a estrutura da palabra e recoñecer as distintas clases (derivadas, parasintéticas e compostas) e os seus compoñentes
7. Recoñecer e clasificar os substantivos. Identifica o xénero e coñecer a formación do plural e do feminino.
8. Recoñecer os adxectivos cualificativos, a súa morfoloxía, e os adxectivos determinativos.
9. Recoñecer as formas tónicas e átonas dos pronomes persoais, as súas contraccións e colocación.
10. Conxugar correctamente os verbos regulares e os irregulares. Coñecer as formas nominais e as perífrases.
11. Recoñecer as clases e as funcións dos adverbios e locucións adverbiais, preposicións e locucións prepositivas.
12. Recoñecer as diferentes unidades sintácticas: frases e os seus tipos, as oracións e as súas clases. Recoñecer as diferentes funcións sintácticas clausais. Identificar as estruturas impersoais e diferentes tipos de predicado. Diferenciar as voces activa e pasiva.
13. Recoñecer e aplicar as regras de acentuación. Fixar ortografía, grupos consonánticos, conflito de líquidas, etc.
14. Coñecer e aplicar as regras da puntuación e doutros signos de puntuación comúns.

15. Recoñecer e analizar a estrutura do xénero narrativo. Coñecer as características da microficción, do conto e da novela, os diferentes tipos de finais e de narradores; o estudo dos personaxes, espazo e tempo.
16. Recoñecer as características e analizar textos do xénero lírico. Coñecer recursos estilísticos principais. Recoñecer os diferentes xéneros teatrais.
17. Recoñecer as características e os diferentes tipos de noticias e xéneros xornalísticos (reportaxe, crónica e entrevista) e xéneros de opinión (editorial e columna)
18. Interpretar, analizar e elaborar textos informativos, instrutivos, ensaísticos, administrativos, creativos e poéticos

## 5.5. Concreción dos obxectivos para 4º ESO.

1. Comprender e interpretar o sentido global de mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. Escoitar e comprender o sentido global de información procedentes da comunicación audiovisual.
3. Escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais cunha fonética galega correcta.
4. Participar activamente en situación propias do ámbito académico, manifestando a súa opinión e respectando as dos demais.
5. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situación formais e informais, de forma individual ou en grupo.
6. Producir discursos comprensibles, adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados, sobre temas da vida cotiá ou académica.
7. Realizar exposicións orais coa axuda das TIC sobre contidos da materia ou da actualidade.
8. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
9. Ler en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego e rexeitando calquera tipo de prexuízos.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir as propias creación.
11. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá ou do mundo académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
12. Coñecer e usar un léxico amplo e pertinente para a súa idade.
13. Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes, e os correctores para resolver dúbida e progresar na aprendizaxe.
14. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as súas producións lingüísticas.

15. Identificar os conectores e outros mecanismos que dotan de cohesión o texto.
16. Recoñecer a estrutura dun texto e elaborar textos propios de acordo con eses parámetros.
17. Coñecer e aplicar debidamente as regras ortográficas e de puntuación.
18. Valorar as linguas como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
19. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, identificar e valorar prexuízos lingüísticos e actitudes, e coñecer as principais iniciativas normalizadoras da lingua ao longo do século XX.
20. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua dende as Irmandades da Fala até a actualidade.
21. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
22. Recoñecer e valorar as diferentes variedades da lingua, e identificar o estándar como variante unificadora.
23. Identificar as distintas épocas, movementos e tendencias da literatura galega do século XX, dende 1916 até a actualidade.
24. Ler de maneira comprensiva e expresiva textos da literatura galega do século XX, dende as Irmandades da Fala ata as tendencias e os escritores actuais, e coñecer o máis significativo dos autores máis destacados.
25. Elaborar traballos, coa axuda das TIC, relacionados coas distintas épocas e períodos da literatura galega do século XX até a actualidade.
26. Crear textos con intención literaria a partir de modelos traballados na clase.

## 5.6. Concreción dos obxectivos para 2º bacharelato

1. Producir textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.
2. Elaborar exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rigoroso.
3. Respectar e aplicar as normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.
4. Ler comprensivamente.
5. Analizar e comentar textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios desta etapa.
6. Pescudar, seleccionar e integrar información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas, polas tecnoloxías da información e por outras fontes.

7. Valorar a nosa lingua como elemento de identidade colectiva e o esforzo e o compromiso individual e colectivo a prol da normalización lingüística.
8. Amosar interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de satisfacción persoal.
9. Analizar e reflexionar sobre obras e fragmentos de diversos períodos literarios.
10. Identificar os distintos tipos de rexistro lingüístico e as súas manifestacións lingüísticas.
11. Aplicar ás producións propias os coñecementos sobre os rexistros, así como identificalos e analizalos en producións alleas.
12. Recoñecer a presentación e corrección ortográfica como dúas propiedades textuais que deben aplicarse ás producións propias.
13. Repasar casos de ortografía dubidosa.
14. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e funcións sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.
15. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.
16. Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.
17. Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.
18. Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos, e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.
19. Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas.
20. Aplicar ás producións propias, orais e escritas os coñecementos e destrezas sobre ortografía, morfosintaxe e gramática textual.
21. Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.
22. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a súa historia.
23. Elaborar unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.
24. Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.

25. Identificar, analizar e describir a literatura galega desde principios do século XX ata a actualidade, en todos os seus xéneros e subxéneros e con todas as súas correntes estéticas sucesivas.
26. Ler e comentar textos significativos da literatura galega desde principios do século XX á actualidade, identificar as súas características temáticas e formais e recoñecer a súa relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero a que pertencen.
27. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa do período literario referido.

# 6. Organización dos contidos, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, instrumentos de avaliación e competencias clave por cursos

## 6.2 Organización dos contidos, estándares de aprendizaxe (108), grao de consecución, instrumentos de avaliación e competencias clave para 2º ESO

| Temporalización | | | Estándares de aprendizaxe avaliables<br>Os contidos mínimos están subliñados | Criterios cualif. e instrumentos aval. | | | Elemen-tos trans-versais | Compt clave |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Id.Conti./ Crit. ava.. | Tempor. por aval. | | | P.Peso cual. | Procedemento, Instrumentos | | |
| Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar. (29 estándares) | | | | | | | | |
| d,e<br>h<br>l, o | B1.1 | 1ª,2ª,3ª | 1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais).<br>2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos. | | O peso do bloque é o 20% da materia. Dentro do bloque, os diferentes estándares terán un peso proporcional, correspondéndolle | Traballos e exposicións en clase | EOE<br>EC<br>PV | CCL<br>CCA |
| d<br>e<br>h | B1.2 | 1ª,2ª,3ª | 1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.<br>2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. | | | Traballos e Exposicións, debates | EOE<br>EC<br>PV | CCL<br>CCA<br>CSC |
| a<br>c<br>d<br>h | B1.3 | 1ª,2ª,3ª | 1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respectaas opinións e recoñece e rexeitaa linguaxe discriminatoria).<br>2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal. | | | Lecturas, probas orais, debates | EOE<br>EC<br>PV | CCL<br>CSC<br>CSIEE |
| o<br>p | B4.4 | 2ª | 1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.<br>2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.<br>3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos.<br>4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada.<br>5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual | | Os diferente s estándare s terán un | Comentarios, Proba escrita | EOE<br>EC | CCL<br>CSC<br>CD |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| o<br>p | B4.5 | 2ª | 1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega.<br>2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno.<br>3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.<br>4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia. | | peso proporcional, correspondéndolle a cada un o 0,77 % | Comentarios, Proba escrita | EOE | CCL<br>CSC |
| o<br>p | B4.6 | 1ª | 1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.<br>2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas.<br>3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.<br>4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.<br>5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916. | | | Comentarios, Proba escrita | EOE | CCL<br>CSC<br>CCEC<br>CD |
| o<br>p | B4.7 | 1ª,2ª | 1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español. | | | Comentarios, Proba escrita | EOE | CCL<br>CD |
| o<br>p | B4.8 | 2ª | 1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.<br>2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente. | | | Comentarios, Proba escrita | EOE | CCL<br>CSC |
| o<br>p | B4.9 | 3ª | 1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.<br>2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega.<br>3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora.<br>4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica.<br>5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas. | | | Comentarios<br>Fichas | EOE<br>EC | CCL<br>CSC |
| | | | Bloque 5. Educación literaria (13 estándares) | | | | | |
| h<br>l | B5.1 | 1ª,2ª,3ª | 1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.<br>2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos. | | O peso do bloque é o 20% da materia, dentro do bloque, os diferentes estándares terán un peso proporcional | Comentarios, Traballos, Proba escrita | EOE | CCL |
| h<br>l | B5.2 | 1ª,2ª,3ª | 1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura.<br>2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.<br>3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.<br>4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos. | | | Comentarios guiados, Traballos, Proba escrita | EOE | CCL |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| h<br>l | B5.3 | 1ª | 1. Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.<br>2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios. | | | Comentarios guiados,<br>Proba escrita | EOE | CCL |
| b, h<br>l | B5.4 | 1ª | 1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | | | Comentarios<br>Proba escrita | EOE | CCL |
| e, h<br>l | B5.5 | 2ª | 1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.<br>2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. | | | Comentarios<br>Proba escrita | EOE | CCL<br>CD |
| h<br>l, n | B5.6 | 2ª | 1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.<br>2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. | | | Comentarios<br>Proba escrita | EOE | CCL<br>CCEC |

**Distribución de contidos por unidades didácticas e temporalización** O curso actual o alumnado utilizará durante as clases de lingua galega os materiais de **EDIXGAL.** O libro que servirá de referente principal ao longo do curso será Netex Smart

| **Distribución de contidos por unidades didácticas e temporalización** | | |
|---|---|---|
| Contidos unidade | Mes/Nº sesións | Aval. |
| **Unidade 1, Galiza entre 1916 e 1936**<br>1. Historia social da lingua: de 1916 a 1936<br>2. Ramón Cabanillas<br>3. Textos xornalísticos<br>4. Orde dos elementos na oración<br>5. Sintaxe: unidades e funcións<br>6. Léxico: as viaxes<br>7. Puntuación | 12 sesións | 1ª avaliación |
| **Unidade 2. Os tempos do *Grupo Nós***<br>1. Historia social da lingua: de 1936 a 1978<br>2. Castelao, Risco e Otero Pedrayo<br>3. Os xornais dixitais<br>4. A intención do texto: denotación e connotación<br>5. Sintaxe: a frase<br>6. Léxico: urbanismo e construción<br>**7.** Puntuación | 11 sesións | |
| **Unidade 3. As vangardas**<br>1. Historia social da lingua: de 1978 á actualidade<br>2. A vangarda e a xeración de 1922. Manuel Antonio e Dieste<br>3. Os blogs e as redes sociais<br>4. Aprendendo a redactar<br>5. Sintaxe: cláusulas e oracións<br>6. Léxico: administración pública e a cidadanía<br>**7.** Maiúsculas e minúsculas | 11 sesións | |
| **Unidade 4. Galiza na Guerra Civil e na ditadura**<br>1. Situación sociolingüística actual en Galiza<br>2. Galiza de 1936 a 1975. Literatura do exilio<br>3. A correspondencia<br>4. A estrutura interna do parágrafo<br>5. Sintaxe: o predicado e o suxeito<br>6. Léxico: utensilios de cociña e electrodomésticos<br>**7.** Abreviaturas e siglas | 12 sesións | 2ª avaliación |
| **Unidade 5. Narrativa de posguerra**<br>1. Situación sociolingüística do Estado español<br>2. Narrativa de posguerra e novos narradores<br>3. O texto teatral<br>4. A extensión do parágrafo<br>5. Sintaxe: complementos directo, indirecto e axente<br>6. Léxico: a xustiza<br>7. Acrónimos e símbolos | 12 sesións | |
| **Unidade 6.A poesía de posguerra.**<br>1. Planificación lingüística<br>2. A poesía na ditadura. Celso Emilio Ferreiro<br>3. Música e poesía<br>4. Tipos de parágrafo: de enumeración e secuencia<br>5. Sintaxe: complemento circunstancial e suplemento<br>6. Léxico: o carácter<br>**7.** Porque/ porqué/ por que; senón/ se non | 12 sesións | |

| | | |
|---|---|---|
| **Unidade 7. Galiza contemporánea**<br>1. Variación interna das linguas<br>2. A Galiza contemporánea (de 1975 a hoxe). A narrativa actual<br>3. Textos argumentativos<br>4. Tipos de parágrafo: de desenvolvemento e enunciado<br>5. Sintaxe: atributo e predicativo<br>6. Léxico: o comercio<br>7. Hai/ aí/ ai | 11 sesións | 3ª avaliación |
| **Unidade 8. A poesía actual**<br>1. A variedade estándar<br>2. A poesía de 1975 á actualidade<br>3. O contrato e o currículo<br>4. Tipos de parágrafo: de causa e comparación<br>5. Sintaxe: cláusulas subordinadas<br>6. Léxico: o mundo do traballo<br>**7.** Dúbidas léxicas | 12 sesións | |
| **Unidade 9. O teatro actual**<br>1. A lusofonía no século XXI<br>2. O teatro de 1973 á actualidade<br>3. O texto publicitario<br>4. O procesador de texto<br>5. Sintaxe: cláusulas subordinadas<br>6. Léxico: a gastronomía e os restaurantes<br>7. A escrita dos números | 12 sesións | |

## 1.5 Organización dos contidos, estándares de aprendizaxe (101), grao de consecución, instrumentos de avaliación e competencias clave para 2º bacharelato

| **Temporalización** | | | Estándares de aprendizaxe avaliables | Criterios cualif. e instrumentos aval. | | | Elemen-tos trans-versais | Compt clave |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obx. | Id.Conti./ Crit. ava.. | Tempor. por aval. | | | P.Peso cual. | Procedemento, Instrumentos | | |
| Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar. (35 estándares) | | | | | | | | |
| d<br>e<br>g<br>h | B1.1 | 1ª,2ª,3ª | 1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.<br>2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais.<br>3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza. | | O peso do bloque é o 20% da materia, dentro do bloque. Os diferentes estándares terán un peso proporcional, correspondéndolle a cada un o 0,57 % | Traballos e exposicións en clase | EOE<br>EC<br>PV | CCL<br>CCA |
| d<br>e<br>h<br>i | B1.2 | 1ª,2ª,3ª | 1. Identifica as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación (charla ou conferencia sobre temas especializados do ámbito educativo).<br>2. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.<br>3. Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral. | | | Traballos e exposicións en clase, debates | EOE<br>EC<br>PV | CCL<br>CCA<br>CSC |
| d<br>e<br>g<br>h | B1.3 | 1ª,2ª,3ª | 1. Interpreta e identifica a intención comunicativa, o tema e a estrutura en anuncios sonoros e/ou audiovisuais.<br>2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social.<br>3. Analiza os recursos verbais e non verbais que se empregan na publicidade para convencer os destinatarios ou destinatarias.<br>4. Analiza de forma crítica a forma e contido das mensaxes publicitarias e evita usos lingüísticos discriminatorios. | | | Lecturas, probas orais, debates | EOE<br>EC<br>PV | CCL<br>CSC<br>CCEC<br>CAA |
| a<br>b<br>e | B1.4 | 1ª,2ª,3ª | 1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.<br>2. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral;respecta as quendas e as opinións alleas.<br>3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. | | | Lecturas, exposcións, debates | EOE<br>EC<br>PV | CCL<br>CSC<br>CSIEE |
| d<br>e<br>g<br>h<br>i<br>m | B1.5 | 1ª,2ª,3ª | 1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.<br>2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas.<br>3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical, cínguese ao tema e non divaga.<br>4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.<br>5. Exprésase con facilidade e recorre a paráfrases ou circunloquios cando non encontra a expresión precisa.<br>6. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.<br>7. Tenta buscar a complicidade do público e demostra seguridade ao responder as preguntas do auditorio. | | | Exposicións, Presentacións, Entrevistas | EOE<br>CA<br>TIC<br>EMP | CCL<br>CAA<br>CSIEE<br>CD |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 8. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación adecuada á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | | | | | |
| e | B1.6 | 1ª,2ª,3ª | 1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia,cohesión e corrección.<br>2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).<br>3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.<br>4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. | | | Exposicións, Presentacións, Probas orais | EOE EMP | CCL CSC CSIEE |
| e g h i | B1.7 | 1ª,2ª,3ª | 1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical e fonética.<br>2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín. | | | Exposicións, Presentacións, Debates, Probas orais | EOE EMP | CCL CSC |
| a b e | B1.8 | 1ª,2ª,3ª | 1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.<br>2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria. | | | Exposicións, Debates, | EOE EC PV | CCL CSC CSIEE |
| a,b e,m | B1.9 | 1ª,2ª,3ª | 1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais. | | | Intercambios orais | EOE EMP | CAA CSC |
| b d e | B1.10 | 1ª,2ª,3ª | 1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada) e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma.<br>2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo. | | | Observación en clase | EOE EMP PV | CCL CAA CSIEE |
| e | B1.11 | 1ª,2ª,3ª | 1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.<br>2. Recoñecee rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.<br>3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. | | | Intercambios orais, observación | EOE CEC | CCL CSC CAA |
| Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.(17 estándares) | | | | | | | | |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| b<br>d<br>f<br>h | B2.1 | 1ª,2ª,3ª | 1. Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.<br>2. Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos.<br>3. Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos.compón o esquema xerarquizado das ideas do texto.<br>4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión dun texto e complementar as súas producións. | | O peso do bloque é o 20% da materia, dentro do bloque.Os diferentes estándares terán un peso proporcional, correspondéndolle a cada un o 1,17 % | Comentarios guiados,<br>Fichas,<br>Mapas conceptuais | CL<br>EOE<br>TIC | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CA |
| b<br>f<br>h | B2.2 | 1ª,2ª,3ª | 1. Planifica os seus traballos seguindo unha orde predefinida e revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final.<br>2. Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas. | | | Traballos,<br>Comentarios guiados,<br>producións textuais | CL<br>EOE<br>TIC<br>CA | CCL<br>CSC |
| b<br>d<br>f<br>h | B2.3 | 2ª,3ª | 1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.<br>2. Adecúa a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual) e emprega os recursos expresivos propios do rexistro formal.<br>3. Emprega léxico preciso e evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín.<br>4. Organiza os contidos dos seus traballos en función duns obxectivos fixados previamente, contrasta posturas enfrontadas e defende a súa opinión con argumentos. | | | Traballos,<br>Comentarios guiados, | CL<br>EOE<br>CA | CCL<br>CD<br>CAA |
| d<br>f<br>h | B2.4 | 2ª,3ª | 1. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos.<br>2. Recoñece e explica a función no texto dos distintos procedementos de cita: estilo directo, estilo indirecto, estilo indirecto libre e cita encuberta. | | | Comentarios,<br>fichas | CL<br>EOE<br>PV | CCL<br>CSC |
| b,e,<br>f,h | B2.5 | 1ª,2ª,3ª | 1. Consulta información en fontes bibliográficas e dixitais e compila os datos máis relevantes en fichas-resumo.<br>2. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.<br>3. Utiliza procesadores de texto e correctores ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros ortográficos e tipográficos. | | | Comentarios,<br>fichas | CL<br>EOE | CCL<br>CD<br>CAA |
| b,f<br>h | B2.6 | 1ª,2ª,3ª | 1. Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos.<br>2. Describe os tipos de rexistro e analiza as súas manifestacións lingüísticas. | | | Comentarios,<br>fichas | CL<br>EOE | CCL |
| Bloque 3. Funcionamento da lingua. (10 estándares) | | | | | | | | |
| e | B3.1 | 1ª | 1. Define e identifica os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega.<br>2. Valora as normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz. | | O peso do bloque é o 20% da materia, dentro do bloque. Os | Traballos,<br>Comentarios,<br>Proba escrita | EOE | CCL<br>CAA<br>CCEC |
| d<br>e | B3.2 | 1ª,2ª,3ª | 1. Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte de noso patrimonio cultural. | | | Traballos,<br>Comentarios,<br>Produc. textuais | EOE | CCL<br>CCEC |
| e | B3.3 | 1ª,2ª,3ª | 1. Explica os procedementos de formación das palabras.<br>2. Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica.<br>3. Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica. | | | Produc. textuais | EOE<br>CA | CCL<br>CAA |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| e | B3.4 | 1ª | 1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada. | | | Proba escrita | EOE | CAA |
| e | B3,5 | 2ª | 1. Identifica e explica as relacións e unidades semánticas. | | | Proba escrita | EOE | CCL<br>CAA |
| b<br>e,h | B3.6 | 3ª | 1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | | | Proba escrita | EOE | CCL<br>CAA<br>CD |
| b<br>e | B3.7 | 2ª,3ª | 1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | | | Proba escrita | EOE | CCL<br>CAA |
| Bloque 4. Lingua e sociedade (16 estándares) | | | | | | | | |
| q | B4.1<br>B4.2 | 1ª | 1. Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos.<br>2. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas. | | O peso do bloque é o 20% da materia, dentro do bloque, os diferentes estándares terán un peso proporcional, correspondéndolle a cada un o 1,25 % | Comentarios,<br>Proba escrita | EOE<br>EC | CCL<br>CSC |
| h<br>q | B4.3<br>B4.4 | | 1. Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega.<br>2. Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos. | | | Comentarios,<br>Proba escrita | EOE | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| q | B4.5 | 1ª | 1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1916 ata 1978).<br>2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística<br>3. Diferencia e describe as etapas que podemos establecer entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico.<br>4. Analiza a importancia da etapa 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua.<br>5. Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios. | | | Comentarios,<br>Proba escrita | EOE | CCL<br>CSC |
| q | B4.6 | 1ª | 1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade).<br>2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística.<br>3. Analiza a importancia da etapa desde 1978 ata a actualidade no desenvolvemento do galego.<br>4. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades.<br>5. Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios desde 1978 ata a actualidade. | | | Comentarios,<br>Proba escrita | EOE | CCL<br>CSC |
| q | B4.7 | 1ª,2ª | 1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. | | | Comentarios,<br>Proba escrita | EOE | CCL |
| q | B4.8 | 2ª | 1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega. | | | Comentarios,<br>Proba escrita | EOE | CCL<br>CSC |
| Bloque 5. Educación literaria (23 estándares) | | | | | | | | |
| e<br>n | B5.1 | 1ª,2ª,3ª | 1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.<br>2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.<br>3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós. | | O peso do bloque é o 20% da materia, | Comentarios guiados,<br>Traballos,<br>Proba escrita | EOE | CCL |
| e | B5.2 | 1ª,2ª,3ª | 1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos | | | Comentarios | EOE | CCL |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| d<br>n | | | en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.<br>2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.<br>3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | | dentro do bloque, os diferentes estándares terán un peso proporcional, correspondéndolle a cada un o 0,87 % | guiados, Traballos, Proba escrita | | |
| e<br>n | B5.3 | 1ª | 1. Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.<br>2. Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da<br>3. prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70.<br>4. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. | | | Comentarios guiados, Proba escrita | EOE | CCL |
| e,d<br>n | B5.4 | 1ª | 1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e<br>2. ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.<br>3. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | | | Comentarios Proba escrita | EOE | CCL |
| e<br>n | B5.5 | 2ª | 1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das<br>2. principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.<br>3. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das<br>4. principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.<br>5. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das<br>6. principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | | | Comentarios Proba escrita | EOE | CCL |
| e,d<br>n | B5.6 | 2ª | 1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.<br>2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.<br>3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico | | | Comentarios Proba escrita | EOE | CCL |
| e<br>n | B5.7 | 3ª | 1. Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos. | | | Comentarios Proba escrita | EOE | CCL |

| Distribución de contidos por unidades didácticas e temporalización | | |
|---|---|---|
| Contidos unidade | Mes/Nº sesións | Aval. |
| **Unidade 1**<br>I. Sintaxe<br>1. Unidades, funcións e relacións sintácticas<br>2. A frase<br>II. A estrutura da palabra<br>1. A estrutura das palabras: os morfemas<br>2. Tipos de palabras<br>3. A formación de palabras<br>III. Ditongos e acentuación<br>1. Ditongos e hiatos<br>2. O acento diacrítico | 6 sesións | 1ª avaliación |
| **Unidade 2**<br>I. As funcións clausais<br>1. Predicado<br>2. Suxeito<br>3. Complemento directo<br>4. Suplemento<br>5. Complemento indirecto<br>6. Complementos circunstanciais<br>7. Complemento axente<br>8. Complemento predicativo<br>9. Atributo<br>II. Fonética e fonoloxía<br>1. Fonética e fonoloxía<br>2. O fonema. Os trazos distintivos<br>3. Sistema vocálico<br>4. Sistema consonántico<br>5. A sílaba<br>6. Trazos suprasegmentais<br>III. Substantivo e adxectivo<br>1. O xénero dos nomes rematados en nasal<br>2. O plural en palabras compostas e estranxeirismos | 5 sesións | |
| **Unidade 3**<br>I. Tipoloxía das cláusulas<br>1. Segundo a natureza do predicado<br>2. Segundo a estrutura sintáctica<br>II. Unidade e diversidade lingüística<br>1. As variedades lingüísticas<br>2. Variedades do galego<br>III. O pronome persoal<br>1. Valores do pronome átono | 5 sesións | |
| **Unidade 4**<br>I. A gramática do texto<br>1. O texto<br>2. As propiedades do texto<br>II. A lingua común ou a variedades estándar<br>1. O proceso de estandarización do galego<br>3. As desviacións da norma culta<br>4. Préstamos e interferencias<br>III. O pronome persoal<br>1. A reflexividade | 7 sesións | |

| | | |
|---|---|---|
| **2.** A posición do pronome átono | | |
| **Unidade 5**<br>I. A semántica<br>1. Significado, denotación e connotación<br>2. O lexema<br>3. Campo semántico<br>II. Conflito lingüístico e prexuízos<br>1. O conflito lingüístico e a diglosia<br>3. Os prexuízos lingüísticos<br>III. O verbo<br>1. Vogais semiabertas e semifechadas<br>4. Antepretérito e pretérito de subxuntivo<br>5. Futuro de subxuntivo<br>6. Participio | 5 sesións | |
| **Unidade 6**<br>I. As relacións semánticas<br>1. Relación entre significante e significado<br>II. Situación sociolingüística actual<br>1. A situación sociolingüística de Galiza<br>2. Factores sociolingüísticos<br>3. O galego: lingua minorizada, non minoritaria<br>4. O galego en proceso de normalización<br>III. O verbo<br>1. Infinitivo persoal<br>7. Perífrases verbais<br>Participio | 6 sesións | |
| **Unidade 7**<br>I. O cambio semántico<br>1. Causas<br>2. Tipos<br>II. Funcións e ámbitos de uso da lingua<br>1. Competencias e usos<br>2. Ámbitos de uso<br>III. As conxuncións<br>1. Conxuncións comparativas<br>2. A palabra "se"<br>3. A palabra "que" | 6 sesións | 2ª avaliación |
| **Unidade 8**<br>I. A lingua galega entre 1900 e 1936<br>1. Contexto histórico<br>2. Situación da lingua<br>3. Iniciativas normalizadoras<br>II. As irmandades da fala<br>1. A poesía no tempo das Irmandades<br>2. A consolidación da narrativa<br>3. O teatro no tempo das Irmandades | 9 sesións | |
| **Unidade 9**<br>*I.* O grupo *Nós*<br>1. Caracterización do grupo<br>2. Risco<br>3. Otero<br>4. Castelao | 7 sesións | |
| **Unidade 10**<br>I. As vangardas e a literatura galega<br>1. As vangardas do primeiro terzo do século XX | 7 sesións | |

| | | |
|---|---|---|
| 2. A vangarda galega<br>3. A xeración dos novecentistas<br>II. Panorama da renovación literaria<br>1. Poesía<br>2. Prosa<br>3. Teatro<br>4. Ensaio e xornalismo | | |
| **Unidade 11**<br>I. A lingua galega durante o franquismo (1936-1975)<br>1. Contexto histórico. A guerra e a ditadura<br>2. A resistencia lingüística e cultural<br>II. A literatura na diáspora<br>1. O labor do exilio galego<br>2. A poesía<br>3. O teatro<br>4. A narrativa e o ensaio | 6 sesións | |
| **Unidade 12**<br>I. A literatura de posguerra: a poesía<br>1. Contexto histórico<br>2. Tendencias na poesía de posguerra<br>3. Poetas da xeración do 25 que publican na posguerra<br>4. A xeración do 36<br>5. Celso Emilio<br>6. Promoción de enlace | 7 sesións | 3ª avaliación |
| **Unidade 13**<br>I. A literatura de posguerra: narrativa, ensaio e teatro<br>1. A narrativa<br>2. O ensaio<br>3. O teatro | 7 sesións | |
| **Unidade 14**<br>I. A xeración dos 50<br>1. A renovación poética<br>2. A Nova narrativa Galega<br>3. O teatro da xeración dos 50<br>4. O teatro independente e a mostra de Ribadavia | 7 sesións | |
| **Unidade 15**<br>I. A lingua galega na actualidade<br>1. Contexto sociopolítico<br>2. Características do galego na actualidade<br>II. Tendencias da literatura galega actual (I): narrativa e ensaio<br>1. Narrativa e ensaio nas últimas décadas<br>3. O ensaio | 7 sesións | |
| **Unidade 16**<br>I. Tendencias da literatura galega actual (II): poesía e teatro<br>1. A poesía das últimas décadas<br>2. O teatro galego actual | 7 sesións | |

## 7. Concrecións metodolóxicas que require a materia

A sociedade actual require a capacidade de enfrontarse a unha grande cantidade de información. Por este motivo o seu tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto concrétase na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información e axudándolle a desenvolver a súa capacidade crítica con respecto a ela.

A biblioteca do centro móstrase así como un recurso cun alto valor dentro da comunidade educativa que deberemos ter moi en conta á hora de programar as nosas actividades docentes.

Débese ter en conta igualmente a necesidade de traballar coas catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) dun xeito integrado, ben que é aconsellable nesta etapa darlles prioridade a aquelas que se detecten como as máis deficitarias para o noso alumnado dependendo do contexto.

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de lingua galega e literatura, seguiranse as orientacións metodolóxicas que pasamos a enunciar:

- Priorizarase a atención á diversidade e terase en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo a aprendizaxe en equipo. Ofertará unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén e disporá os mecanismos de reforzo que se deberán pór en práctica en función das dificultades de aprendizaxe que se detecten.
- Será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.
- Adoptar un enfoque principalmente comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma, tanto oralmente como por escrito, en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico nin renunciar ao dominio das normas e usos gramaticais.
- Proporcionar e traballar con textos de distinta tipoloxía e natureza, especialmente expositivos e argumentativos.
- Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos existentes para a obtención da información.
- Propiciar a implementación de procesos de busca guiada da información, tanto na biblioteca coma na internet ou noutros medios e fontes, así como a composición satisfactoria de textos utilizando distintos soportes.

- Facer lectura, interpretación e valoración de obras literarias.
- Propiciar dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas propias actividades.

A metodoloxía será, pois, dinámica e participativa: fomentarase o traballo conxunto de todo o grupo-clase baixo a coordinación e orientación da profesora ou profesor. A función do ensinante consistirá, sobre todo, en organizar o traballo do alumnado e fomentar a aprendizaxe por descubrimento, recorrendo só o necesario ás exposicións maxistrais e dinamizando o grupo-clase para que en ningún momento caia na pasividade e na recepción maquinal de contidos que se asimilan sen a máis mínima reflexión.

O método basearase fundamentalmente na lectura, análise, comentario e produción de textos de diversos tipos. Aproveitando o método de ensino unitario da lingua e a literatura, procurarase en ocasións a coincidencia de textos para análise literaria e para análise lingüística; ademais, empregaranse outros textos non literarios para recoñecer e analizar os procesos de construción textual co obxectivo de que o alumnado elabore os seus propios textos conforme eses procedementos construtivos.

## 8. Materiais e recursos didácticos.

Canto aos materiais, traballarase por cursos cos seguintes libros de texto:

- 2º ESO: *EDIXGAL, Libros de lectura para ler e comentar na aula.*
- 4º ESO: *EDIXGAL, Libros de lectura para ler e comentar na aula.*
- 2º Bacharelato: *LINGUA GALEGA E LITERATURA,* Baía edicións.

Procurarase que as alumnas e alumnos manexen os libros de texto do xeito máis autónomo posíbel, facendo as súas consultas guiados polo/a profesor/a, realizando as actividades e comentarios de texto que nel se propoñen e, finalmente, elaborando as súas propias notas, guións, resumos e esquemas para desenvolver os distintos temas.

O libro de texto será completado con material moi diverso e en distintos soportes:

- A lectura obrigatoria por avaliación dunha obra literaria que se axeite aos intereses do alumnado e aos obxectivos xerais do curso, e da que se fará un control, oral ou escrito, de lectura. Da proposta ofertada de lectura obrigatoria, a maiores das tres lecturas obrigatorias, poderán facerse lecturas voluntarias que terán tidas en conta na avaliación.
- Fichas de traballo e cadernos de traballo e comentarios guiados.
- Presentacións dixitais preparadas pola profesora/profesor ou polo propio alumnado.
- Fontes bibliográficas diversas, como dicionarios enciclopédicos, coleccións de historia de Galiza e de historia universal, coleccións de arte, atlas xeográficos, libros de divulgación...

- Vídeos en DVD ou na Rede.
- Páxinas Web e blogues sobre aspectos literarios, históricos ou sobre temas de actualidade.
- Selección de artigos de prensa impresa ou dixital ou de documentos referidos á actualidade.
- Selección de textos literarios (poéticos, narrativos e teatrais) para a súa lectura e análise fornecidos polo profesor.
- Murais temáticos.

**Lecturas obrigatorias**

O Departamento acordou pór tres libros de lectura obrigatoria, un por avaliación, para cada curso. Con finalidade de lles tirar o máximo rendemento, serán usados como procedementos para acadar os obxectivos correspondentes aos desenvolvementos curriculares de cada curso: tanto para afondar nos aspectos léxico – semánticos, como nos gramaticais, textuais, etc.

Realizarase unha proba ou traballo sobre o libro de lectura obrigatorio. Dita proba integrarase en cada curso dentro dos instrumentos de avaliación participando nun 10% da cualificación correspondente aos bloques de expresión oral e escrita.

Así mesmo os alumnos terán a opción de escoller algún libro de lectura de acordo cos seus gustos e afeccións e serán, ao igual que os outros, tidos en conta polo profesorado na avaliación até un 10% da cualificación. Hai polo tanto un especial interese por parte deste departamento en reforzar o hábito lector.

A proposta de lecturas para este curso é:

- **2º ESO**
  - ***22 segundos*** de Eva Mejuto
  - ***A chamada da selva*** de Jack London
  - ***Subnormal*** de Fernando Llor e Miguel Porto

- **4º ESO**
  - ***O que sei do silencio de Andrea Maceiras***
  - ***Santo Amaro de Antonio Fraga***
  - ***Maus de Art Spiegelman***

- **2º Bacharelato**
  - ***Scórpio*** de Carvalho Calero
  - ***A esmorga*** de Blanco Amor

- ***O sol do verán*** de Carlos Casares / ***Voces baixas*** de Manuel Rivas/ ***Resistencia*** de Rosa Aneiros / **Seique** de Susana Aríns

# 9. Criterios de avaliación e cualificación

Os criterios de avaliación detalláronse no anterior apartado da presente programación onde aparecen referidos, para cada estándar de aprendizaxe avaliable, os correspondentes grao mínimo de consecución, peso porcentual na cualificación, procedementos e instrumentos de avaliación.

Amais dos criterios comentados, para culminar o proceso de avaliación e cualificación teranse en conta os seguintes procedementos xerais:

- **Avaliación inicial**. A profesora ou profesor deseñará e realizará unha avaliación diagnóstico ao principio de curso coa finalidade de determinar o grao das competencias en relación cos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe para o curso respectivo, e de orientar o deseño das medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados.
- **Avaliación continua**. Realizarase unha avaliación continua, formativa e integradora, durante todo o curso recollendo constantemente información sobre a marcha do alumnado e da que formarán parte todas as actividades levadas a cabo ao longo de cada período avaliatorio. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo, que se adoptarán en canto se detecten dificultades, procurando así a mellora do proceso de aprendizaxe.
- **Avaliacións trimestrais**. Realizaranse tres avaliacións coas súas correspondentes cualificacións coincidindo coa fin de cada trimestre natural. Isto suporá a revisión e avaliación tamén do proceso de ensino aprendizaxe coa correspondente proposta de mellora.
- **Procedementos, instrumentos e criterios de avaliación para o período comprendido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final da ESO.**
  - O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación que estarán en consonancia co informe de avaliación individualizado que debe realizarse para o alumnado que non acadou os obxectivos mínimos recollidos na programación.
  - O alumnado que teña algunha ou todas as avaliacións suspensas logo de realizada a terceira avaliación parcial realizará no mes de xuño, antes da avaliación final, un exame que representará o 100% da cualificación de acordo cos criterios de cualificación fixados na programación para a ESO e no que será examinábel a totalidade dos contidos do curso.
  - O alumnado que queira subir nota deberá realizar un exame que representará o 100% da cualificación de acordo cos criterios de cualificación fixados na

programación para a ESO e no que será examinábel a totalidade dos contidos do curso.

- Para o alumnado que teña todas as avaliacións aprobadas e non se presente ao exame final para subir nota, a cualificación final será a media das notas das tres avaliacións.
- A cualificación definitiva da materia de lingua galega farase efectiva na avaliación final de curso.
- Todo o alumnado pode subir nota. Manteranse os procedementos, instrumentos e criterios seguidos ao longo dos tres trimestres/avaliacións anteriores.

- **Promoción na materia**. En calquera caso, para as avaliacións, recuperacións, terceira avaliación e avaliación final de xuño, e logo de aplicar os criterios de cualificación descritos, o grao mínimo acadarase cunha cualificación de 5 sobre 10, de xeito que unha cualificación igual ou superior a 5 considérase aprobado, o que na avaliación final permite a promoción na materia

- **Instrumentos e criterios de avaliación e cualificación**. Farase seguimento da alumna/o día a día a través do caderno e das actividades cotiás; faranse probas e traballos para comprobar a realización e aproveitamento das lecturas obrigatorias; faranse probas obxectivas, tanto orais como escritas, ao longo do trimestre para valorar a evolución do alumno/a; finalmente farase, cando menos, unha proba escrita –exame- por avaliación cun peso do 50% da cualificación para a ESO e do 60% para o bacharelato, e na que serán examinábeis os contidos traballados no respectivo trimestre, aínda que para aqueles do bloque de funcionamento da lingua vistos en períodos anteriores, mesmo non sendo directamente examinábeis, terase en conta para a cualificación a aplicación práctica dos mesmos. En función das cualificacións que houber, o(s) exame(s) de avaliación poderá abranguer a totalidade dos bloques de contidos ou poderá centrarse unicamente nos bloques de funcionamento da lingua, lingua e sociedade, e literatura. As probas obxectivas escritas, unha vez corrixidas, serán amosadas ao alumnado e serán comentadas na clase.

  A comprobación do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos de etapa nas avaliacións continua e final da materia para cada curso, realizarase seguindo a enumeración dos estándares de aprendizaxe presentada anteriormente, á que se lle aplicarán os procedementos e instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación que a seguir se especifican para cada bloque de contidos:

## 9.1 Criterios de avaliación e cualificación para a ESO

<table>
<tr><th colspan="2" rowspan="2">Bloque de contidos</th><th colspan="2" rowspan="2">Procedementos e instrumentos de avaliación</th><th colspan="4">Criterios de cualificación</th></tr>
<tr><th>Porc. no bloque</th><th colspan="3">Porcentaxe sobre cualificación final</th></tr>
<tr><td rowspan="2">B1</td><td>Escoitar</td><td>Probas de comprensión oral (test, resumos…)</td><td>Rexistro cuantitativo</td><td>40</td><td>5</td><td rowspan="2">10</td><td rowspan="6">60</td></tr>
<tr><td>Falar</td><td>Observación das exposicións, intervencións e interaccións, e dos seus preparativos</td><td>Escalas de apreciación do profesor e de co e autoavaliación</td><td>60</td><td>5</td></tr>
<tr><td rowspan="3">B2</td><td>Ler</td><td rowspan="2">Probas de comprensión lectora (test, resumos…)<br>Guías de lectura<br>Comentarios</td><td rowspan="2">Rexistros cuantitativos das probas e rúbrica holística</td><td rowspan="2">50</td><td>10</td><td rowspan="3">40</td></tr>
<tr><td>Libro lectura obrigatoria</td><td>10</td></tr>
<tr><td>Escribir</td><td>Análise dos traballos e das producións textuais en diferentes formatos</td><td>Escala e rúbrica holística</td><td>50</td><td>20</td></tr>
<tr><td colspan="2">Lecturas e actividades voluntarias</td><td>Traballos e observacións</td><td>Rúbrica holística</td><td></td><td>10</td><td>10</td></tr>
<tr><td rowspan="2">B3</td><td rowspan="2">Funcionamen-to da lingua</td><td>Probas orais e escritas</td><td rowspan="2">Rexistro cuantitativo e rúbrica analítica</td><td>60</td><td colspan="2" rowspan="2">15</td><td rowspan="6">40</td></tr>
<tr><td>Traballos<br>Fichas</td><td>40</td></tr>
<tr><td rowspan="2">B4</td><td rowspan="2">Lingua e sociedade</td><td>Probas orais e escritas</td><td rowspan="2">Rexistro cuantitativo das probas e traballos, escalas de apreciación</td><td>60</td><td colspan="2" rowspan="2">10</td></tr>
<tr><td>Observación da actitude a respecto da lingua<br>Traballos individual ou grupo</td><td>40</td></tr>
<tr><td rowspan="2">B5</td><td rowspan="2">Literatura</td><td>Probas orais e escritas</td><td rowspan="2">Rexistro cuantitativo</td><td>60</td><td colspan="2" rowspan="2">15</td></tr>
<tr><td>Traballos individual ou grupo<br>Fichas<br>Comentarios</td><td>40</td></tr>
</table>

## 9.2 Criterios de avaliación e cualificación para o bacharelato

| Bloque de contidos | | Procedementos e instrumentos de avaliación | | Criterios de cualificación: Porc. no bloque | Criterios de cualificación: Porcentaxe sobre cualificación final | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B1 | Escoitar | Probas de comprensión oral (test, resumos…) | Rexistro cuantitativo | 33 | 5 | 10 | 40 |
| | Falar | Observación das exposicións, intervencións e interaccións, e dos seus preparativos | Escalas de apreciación do profesor e de co e autoavaliación | 66 | 5 | | |
| B2 | Ler | Probas de comprensión lectora (test, resumos…)<br>Guías de lectura<br>Comentarios | Rexistros cuantitativos das probas e rúbrica holística | 60 | 5 | 20 | |
| | Libro lectura obrigatoria | | | | 10 | | |
| | Escribir | Análise dos traballos e das producións textuais en diferentes formatos | Escala e rúbrica holística | 40 | 5 | | |
| Lecturas e actividades voluntarias | | Traballos e observacións | Rúbrica holística | | 10 | 10 | |
| B3 | Funcionamen-to da lingua | Probas orais e escritas | Rexistro cuantitativo e rúbrica analítica | 60 | 20 | | 60 |
| | | Traballos<br>Fichas | | 40 | | | |
| B4 | Lingua e sociedade | Probas orais e escritas | Rexistro cuantitativo das probas e traballos, escalas de apreciación | 60 | 20 | | |
| | | Observación da actitude a respecto da lingua<br>Traballos individual ou grupo | | 40 | | | |
| B5 | Literatura | Probas orais e escritas | Rexistro cuantitativo | 60 | 20 | | |
| | | Traballos individual ou grupo<br>Fichas<br>Comentarios | | 40 | | | |

- **Recuperación**. Así mesmo haberá actividades de recuperación para o alumnado que non acade o grao mínimo dos indicadores de logro no tempo dos períodos avaliatorios

trimestrais. Sen contradicir o sistema de avaliación continua e co fin de facilitar o estudo da materia, o alumnado que non alcance os mínimos terá opción a realizar as seguintes probas e actividades para a recuperación:

- Proba escrita, coa mesma distribución de preguntas sobre os contidos que realizaron na proba escrita da avaliación, e coa mesma porcentaxe sobre a cualificación.
- Comentario guiado (elaborados con textos actuais de diferente tipo: literarios, sociolóxicos, xornalísticos) a realizar fóra da aula no que se aplicarán e relacionarán os conceptos teóricos e prácticos traballados ao longo da avaliación, corresponderalle a porcentaxe restante sobre a cualificación.
- No seu caso, estimularase a modificación de actitudes ou hábitos de traballo para a avaliación seguinte.

- **Criterios de corrección:** adoptaranse os seguintes:
  - Nas probas escritas indicarase con claridade a valoración da cada unha das partes ou preguntas da mesma.
  - A comisión, por parte do alumno/a, de erros léxicos, faltas de ortografía, incoherencias textuais, erros de cohesión ou defectos de presentación, poderá ser penalizada na cualificación de cada unha das probas de xeito ponderado e obxectivo. Nese sentido, agás nos exercicios específicos de ortografía coa súa puntuación específica, descontarase 0,2 puntos da nota das probas escritas por cada falta de ortografía ou solucións alleas ao sistema lingüístico galego, e 0,10 por cada erro de acentuación até un máximo de 1 punto para a ESO e de 2 puntos para o bacharelato. Este criterio será tamén de aplicación para todo tipo de traballos e exercicios escritos e mesmo nas exposicións orais (erros léxicos).

- **Avaliación final**. A avaliación ao final de curso será sumativa, valorará o grao de consecución obtido polo alumno/a a respecto dos obxectivos previstos e expresarase a través dunha cualificación totalizadora nunha escala de 1 a 10. Como tal é a suma dos resultados obtidos no curso e a cualificación respectiva será a media das notas das tres avaliacións, media que poderá ter un redondeo positivo en función dunha clara mellora final na competencia de comunicación lingüística do/a alumno/a

  Teranse en conta, na porcentaxe xa indicada, a realización de lecturas e traballos con carácter voluntario por parte do alumnado, o mesmo que outras actividades voluntarias organizadas por ou en colaboración co Departamento de Lingua Galega e Literatura (participación en xornadas, concursos orais ou escritos, revistas en papel ou dixitais, blogues, recitais de poesía...).

En segundo de Bacharelato, o último exame que se realice na terceira avaliación, para o caso daqueles alumno/as que teñan algunha avaliación suspensa, terá a validez de exame final incluíndo, para tal efecto, algunha cuestión (cando menos dos bloques de lingua e sociedade e de literatura) das avaliacións anteriores

- **Convocatoria extraordinaria**. En segundo de Bacharelato no caso de non superar os obxectivos do curso, existirá un exame extraordinario no mes de xuño. O período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período

lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación. O exame extraordinario representará o 100% da cualificación de acordo cos criterios de cualificación xa citados para bacharelato, e no que será examinábel a totalidade dos contidos do curso.

- **Promoción na materia**. En calquera caso, para as avaliacións, recuperacións, avaliación final e convocatoria extraordinaria de xuño, e logo de aplicar os criterios de cualificación descritos, o grao mínimo acadarase cunha cualificación de 5 sobre 10, de xeito que unha cualificación igual ou superior a 5 considérase aprobado, o que nas avaliacións final e de setembro permite a promoción na materia.
- **Avaliación das materias pendentes.** ( Véxase apartado 11)

## 10. Indicadores de logro para avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.

Para mellorar a dinámica docente faise necesario avaliar o proceso de ensino e a nosa propia práctica docente. Este traballo farémolo seguindo os indicadores das seguintes táboas que deberían aportar os dados suficientes para reflexionar e concluír que aspectos poden mellorar o proceso do ensino, sobre todo centrado na atención á diversidade, na dinamización da aula e no proceso de avaliación e cualificación:

| **Indicadores de logro do proceso de ensino** | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

| **Indicadores de logro da práctica docente** | **Escala** | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación… | | | | |

# 11. Plano de recuperación para o alumnado con lingua galega pendente

Para poder recuperar a materia de *Lingua galega e literatura* pendente do curso anterior (nos cursos de 2º, 4º e 2º bacharelato) seguirase un programa de actividades preparatorias (traballos, exercicios...) que serán propostas ao alumno/a polo profesor ou profesora que lle imparte a materia no curso actual.

As actividades, as probas que se realicen e a avaliación farase segundo o grao mínimo marcado para os estándares de aprendizaxe fixados para o respectivo curso.

Deste modo, o alumnado disporá de 3 oportunidades.

1. A través de 3 exames parciais, nos que se repartirá a materia, que recollerá exercicios realizados no programa de actividades preparatorias pautadas polo profesor/a que lle impartiu a materia. O primeiro exame parcial será antes da 1ª avaliación. O segundo exame

parcial será antes da 2ª avaliación e o 3º exame parcial será antes do mes de maio, data en que a Xefatura de estudos realiza unha convocatoria para pendentes.

2. Convocatoria específica para pendentes que realiza a Xefatura de Estudos no mes de maio. Nesta proba recuperarase toda a materia e irá soamente o alumnado que non aprobase por parciais. No caso de non superala realizarase a seguinte proba.

3. Convocatoria extraordinaria de xuño para pendentes, organizada pola Xefatura de Estudos, e na que entra a totalidade da materia pendente.

## 12. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Nesta etapa do proceso educativo é importante facer unha análise inicial dos coñecementos que o alumnado posúe, centrándose sobre todo na comprensión de textos, na ortografía e na expresión, para poder avaliar adecuadamente o grao de desenvolvemento da súa competencia comunicativa, pero tamén é necesario atender á realización de tarefas que nos indiquen o grao de desenvolvemento das restantes competencias clave. Así, nos primeiros días do curso, tras as presentacións, realizarase unha Avaliación Inicial. Con esta avaliación non se pretende lembrar os contidos traballados no curso anterior senón analizar as habilidades para poñer en práctica eses contidos. O modelo desa avaliación inicial será semellante en todos os cursos, cambiarán só os procedementos de avaliación, é dicir, os filmes, os textos literarios e os xornais dixitais sobre os que traballará o alumnado, pois serán elixidos segundo o seu grao de dificultade en relación ao nivel de aprendizaxe no que se atopa cada alumno/a.

### Medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados da Avaliación Inicial

Cando se detecten necesidades educativas específicas, o centro establecerá as medidas curriculares e organizativas necesarias coa fin de que o alumno/a poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. Sen embargo, cando se detecten outro tipo de carencias ou problemas no proceso de aprendizaxe, o/a docente deberá adecuar a metodoloxía, os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación ás necesidades do alumnado que non acade os resultados agardados na Avaliación Inicial.

Tras a realización desta Avaliación Inicial, segundo os resultados acadados polo alumnado, proporanse na Xunta de Avaliación as estratexias a seguir. Estas deberán pasar polos seguintes pasos:

1. Reunión co resto do profesorado do alumno/a para acordar medidas de reforzo conxuntas, especialmente co profesorado das linguas, na procura dun tratamento integrado das mesmas.

2. Información á familia do alumnado, procurando a súa participación na evolución do proceso educativo do seu fillo/a, buscando a súa colaboración nas medidas de reforzo que poidan posibilitar o seu progreso educativo.

3. Entrevista co alumno/a ou co grupo de alumnos/as que deban recibir de forma individual ou conxunta medidas de apoio e/ou reforzo, buscando a implicación e colaboración dos mesmos e procurando espertar a súa curiosidade e o seu interese cara o seu propio proceso de aprendizaxe.

4. Proposta de tarefas de reforzo que incidan de xeito individual na resolución dos problemas de aprendizaxe que cada un ou proposta dunha tarefa conxunta se for o caso.

5. Adecuación da metodoloxía desenvolvida na aula á diversidade do alumnado presente nela, procurando adecuar os proxectos, tarefas ou traballos de investigación programados ás necesidades deste alumnado, centrando a atención neles e pedíndolles a realización de tarefas de reforzo coa colaboración das súas familias.

6. Adecuación dos Instrumentos de Avaliación á diversidade do alumnado con necesidade de reforzo educativo, convertendo as tarefas de reforzo en instrumentos de avaliación. Estas tarefas deberán incidir na comprensión e produción de todo tipo de textos.

7. Centrar o proceso de aprendizaxe deste alumnado nas súas fortalezas, integrando os contidos mínimos para acadar unha avaliación positiva no desenvolvemento das competencias que mellor teña adquiridas o alumno/a.

9. Incidir na lectura como un instrumento básico de aprendizaxe, procurando a través dela o desenvolvemento de todas as competencias clave.

10. Exixir uns hábitos de traballo adecuados para acadar un mellor rendemento académico, coa colaboración das familias do alumnado implicado. As tarefas de reforzo e ou apoio, así como as de ampliación, se for o caso, serán deseñadas e elaboradas polo profesorado en cada momento, segundo as necesidades que descubra no proceso de aprendizaxe do seu alumnado.

## 13. Medidas xerais de atención á diversidade:

Nos cursos da educación secundaria obrigatoria adóptanse diversas medidas co obxectivo de mellorar a competencia lingüística do alumnado que presenta un dominio das linguas inferior ao propio do nivel. Para este curso adoptáronse apoios en aula e fóra da aula e reforzo para grupos de exentos de segunda lingua estranxeira e **2** ACIs. Todas as necesidades educativas están en réxime ordinario, non habendo ningunha en réxime especial.

- **2º ESO**
  - Realización dunha ACI, entre outros ámbitos, no das linguas, para unha alumna e un alumno con necesidades educativas especiais.
  - Un grupo de reforzo de lingua para exentos de Francés en cada un dos grupos de 2º.
  - Un grupo de Afondamento de lingua en cada un dos grupos de 2º.

- **Déficit de atención:**
  - Nos diferentes cursos da ESO detectáronse varios casos que presentan déficit de atención, para os que se realizaron as respectivas adaptacións metodolóxicas.

Tendo en conta as medidas enunciadas, a diversidade que fica nos grupos de referencia xa pode ser atendida tendo en conta a variedade de procedementos metodolóxicos e de actividades de aprendizaxe que recollen as distintas actividades da programación. Por outro lado, o profesor/a, no contexto da súa clase, introducirá actividades diversas (de exercitación, de reforzo e de ampliación) xa integradas nos libros de texto ou extraídas de material específico do departamento, que atendan ás diferenzas do alumnado segundo a súa propia observación. Só o profesorado, no contexto da aula, pode determinar con maior precisión o momento no que tratará determinados contidos e a atención e profundidade que deberá darlles.

## 14. Elementos transversais

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), publicada en galego no suplemento do BOE do 10 de decembro de 2013, sinala que é necesario que o alumnado adquira desde idades temperás competencias transversais, como o pensamento crítico, a xestión da diversidade, a creatividade ou a capacidade de comunicar, e actitudes clave como a confianza individual, o entusiasmo, a constancia e a aceptación do cambio. A educación inicial é cada vez máis determinante xa que hoxe en día o proceso de aprendizaxe non remata no sistema educativo, senón que se proxecta ao longo de toda a vida da persoa. Así mesmo, esta lei orgánica considera esencial a preparación do alumnado para a cidadanía activa e mais a adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente. No contexto do cambio metodolóxico que esta lei orgánica propugna abórdase esta necesidade de forma transversal ao incorporar a educación cívica e constitucional a todas as disciplinas durante a educación básica, de forma que a adquisición de competencias sociais e cívicas se inclúa na dinámica cotiá dos procesos de ensino e aprendizaxe e se potencie desa forma, a través dun enfoque conxunto, a súa posibilidade de transferencia e o seu carácter orientador.

Ademais, o artigo 6 do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, publicado en galego

no suplemento do BOE do 3 de xaneiro de 2015, céntrase nos elementos transversais e indica que na educación secundaria obrigatoria, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, publicado no DOG do 29 de xuño de 2015, tamén se detén nos elementos transversais, concretamente no artigo 4.

Partindo destas disposicións legais podemos establecer dez elementos transversais que o Departamento contribuirá a desenvolver a través da práctica docente en todos os niveis educativos segundo se traten estándares de aprendizaxe cos que se relacionan na programación.

**1. A comprensión lectora e a expresión oral e escrita**

A materia de Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado e debe tamén achegar ao alumnado as ferramentas e os coñecementos precisos para se desenvolver satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por un lado, e de comprensión e expresión escrita por outro, de aí que a «comprensión lectora e expresión oral e escrita» estea presente nos diferentes textos e exercicios do libro do alumnado. Tamén se favorecerá a actividade e criterio lector coa lectura de obras da literatura xuvenil en lingua galega. Asemade, o bloque «Educación literaria» desenvolve o obxectivo de facer do alumnado lectores cultos e competentes coa lectura, coa comprensión e coa interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madurez cognitiva

**2. A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)**

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) desenvolven un papel fundamental na sociedade actual, por que proporcionan un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas do alumnado de aí que se rexeitará a inadecuada utilización das TIC e da comunicación audiovisual e se favorecerá o seu uso responsable. Fomentarase unha actitude crítica coa información da comunicación audiovisual e das TIC e responsable no seu uso.

**3. O emprendemento**

Desenvolverase o espírito emprendedor, a adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresa, o fomento da igualdade de oportunidades e mais o respecto ao emprendedor e ao empresariado. Favorecerase o nacemento de emprendedoras e emprendedores sociais con diversas capacidades: creadora e innovadora, proactiva para xestionar proxectos, de asunción e xestión de riscos, de liderado e traballo individual e en equipo e mais de sentido crítico e da responsabilidade.

4. **A educación cívica e o respecto ao Estado de dereito**

Fomentaranse os principios democráticos de convivencia co fin de que o alumnado aprenda a se comprometer cunha cidadanía activa e democrática, desde unha perspectiva global, adquira unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores do Estado de dereito, así como polos dereitos humanos, e que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

5. **A igualdade efectiva entre mulleres e homes**

Motivarase a igualdade efectiva e o respecto por igual entre mulleres e homes eliminando todo tipo de discriminacións na linguaxe utilizada nas aulas e no material proposto (escrito e gráfico), mellorarase a práctica da igualdade na aula e promoveranse cambios de actitudes no alumnado co fin de romper os estereotipos de discriminación.

6. **A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida así como de calquera forma de violencia de xénero, contra persoas con discapacidade, racismo, xenofobia, etc.**

Promoverase a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, así como os valores educativos, sociais e culturais, que afonden no interese pola educación para a paz, a convivencia e mais a interculturalidade. Tamén se reflexionará sobre a diversidade cultural na aula, no centro e na sociedade desde o plurilingüismo ou desde un punto de vista intercultural. Traballarase a prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social e mais de calquera tipo de violencia, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos. Ademais realizaranse actividades con motivo do día 25 N e 8 M, Día da Paz, Día dos dereitos Humanos, etc. para reforzar a adquisición destes valores por parte do alumnado.

7. **A saúde e a calidade de vida**

Promoverase que forme parte do comportamento xuvenil a actividade física diaria, a dieta equilibrada e o estilo de vida saudable e ademais favorecerase o desenvolvemento do sentido da responsabilidade individual en relación coa saúde, entendida esta como benestar físico e mental, individual, social e ambiental. O alumnado de 1º e 2º da ESO participará no programa de prevención do tabaquismo “ Clases sen fume”.

8. **A discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero**

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Abordaranse cuestións relacionadas coa identidade de xénero, coa prevención de embarazos non desexados e mais co desenvolvemento do sentido da responsabilidade individual.

## 9. A educación viaria

No ámbito da educación e a seguranza viaria promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peón, viaxeiro e condutor de bicicletas ou vehículos de motor, respecte as normas e sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas

## 10. A educación ambiental e o respecto polo medio natural

Implicarase o alumnado nas estratexias educativas para mellorar o coñecemento do desenvolvemento sustentable, do medio, da climatoloxía e do cambio climático. Ademais, fomentarase unha relación de respecto e de non destrución do medio natural.

# 15. Actividades complementarias.

Este tipo de actividades están destinadas a contribuír á formación integral do alumnado e a servir como complemento do seu traballo propiamente escolar. Realízanse en horario lectivo e forman parte da programación.

O Departamento de Lingua e Literatura, ao formar parte do Equipo de Normalización Lingüística do centro, asume como actividades nas que colaborar as presentadas polo ENDL. Tamén colabora coa Biblioteca participando na organización das diferentes actividades que se programan desde a mesma.

As actividades inicialmente previstas para este curso son:

- Participación do alumnado nas diferentes actividades que se organicen con motivo do Día das Bibliotecas, o Día da Ciencia en galego, Día da Arte Galega, o 25 N e 8 M
- Concurso de epitafios en 2º da ESO para o samaín e de cartaces de nadal para todo o alumnado.
- Charla para 2º de Bacharelato de Rosa de Cabanas sobre a caracterización das personaxes da novela Scorpio.
- Representación para 4º da ESO de *A señora de Forcadela* a cargo dos Quinquilláns.
- Participación do alumnado no concurso de microrrelatos e micropoemas organizado por Dinamizaestrada (Cordinadora de EDL dos Centros de Ensino da Estrada)
- Participación na actividade Lingua de Amor da AELGA.
- Mostra de cartaces das obras teatrais de Roberto Vidal Bolaño.
- Organización de actividades para conmemorar o día de Rosalía e a semana das Letras Galegas.
- Saídas co alumnado:
    - 2º ESO: rotada dos escritores por Compostela.
    - 4º ESO: asistencia a unha representación teatral en Compostela.
    - 2º Bacharelato: rota da Esmorga e Grupo Nós por Ourense.

## 16. Aprendizaxe non presencial

Se se dese a circunstancia de que o alumnado non puidese acudir ao centro educativo como consecuencia dunha situación persoal xustificada, ou, como no caso de cursos anteriores, afectado por unha situación sanitaria colectiva, o departamento de lingua galega impartiría a docencia utilizando as plataformas dixitais que actualmente ten ao seu alcance.

- Alumnado de 2º e4º de ESO ( integrado no proxecto EDIXGAL): a aprendizaxe realizaríase a través deste medio.
- Alumnado de Bacharelato e FP básica: a transmisión de contidos, actividades e mensaxes realizaríase a través da aula virtual do IES. https://www.edu.xunta.gal/centros/ieslosadadieguez/aulavirtual/course/index.php?categoryid=16

## 17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas

A Programación Didáctica, para ser útil, necesita contrastarse ao longo da actividade docente tendo en conta as características e necesidades educativas do alumnado concreto co que se traballa. Para isto levaranse a cabo análises e valoracións, así como propostas de mellora en diferentes momentos do curso:

- A principios, a través da avaliación inicial permitirá axustar á realidade do alumnado co que se traballará.
- Nas reunións de Departamento realizarase periodicamente un seguimento do desenvolvemento da mesma.
- Nas avaliacións, en función dos resultados, poderase facer unha valoración e acordar as accións educativas pertinentes co obxectivo de atender as necesidades que se detecten no alumnado.
- O final do curso que permitirá unha valoración global.

Para obxectivar este traballo o Departamento aplicará os seguinte cadros con diferentes indicadores

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | | | |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. | | | | |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. | | | | |
| 4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos. | | | | |
| 5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | | | |
| 6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación. | | | | |
| 7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | | | |
| 8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | | | |
| 9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. | | | | |
| 10. Adecuación da secuencia de traballo na aula. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | | | |
| 12. Adecuación do libro de texto | | | | |
| 13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. | | | | |
| 14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares. | | | | |
| 15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos | | | | |
| 16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | | | |
| 17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación. | | | | |
| 18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. | | | | |
| 19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. | | | | |
| 20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes | | | | |
| 21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. | | | | |
| 22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | | | |
| 23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares. | | | | |
| 24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | | | |
| 26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. | | | | |
| 27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. | | | | |
| 28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | | | |
| 29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | | | |
| 30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | | | |

A Estrada, novembro de 2022.

Asdo.

Francisco Xavier Barreiro Carracedo